(Sélo da Corporación) (Sinatura do Presidente) Folio N.º.....

Serie A N.º 2237208

SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 1 - XUÑO - 2010

ORDE DO DIA

1.- APROBACIÓN INICIAL PROXECTO ORZAMENTO EXERCICIO 2010.

2.- INICIACIÓN EXPEDIENTE PRÉSTAMO 1/2010.

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as nove horas e trinta minutos do día un de xuño de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. XAIME REI BARREIRO e a asistencia dos/as Sres./as Concelleiros/as: D. EDUARDO JOSÉ REGUERA OCAMPO, D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, Dª. LAURA LAGO ALLER, Dª. MARIA ALBINA REBOREDO SURIS, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, D. CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, D. JOSÉ GARCÍA MÍGUEZ, Dª. FRANCISCA CANAL GÓMEZ, D. JUAN TIZÓN CABALEIRO, D. JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO, D. MIGUEL ANGEL ALVAREZ BALLESTEROS, Dª. HERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ, DONA. MARIA LORENA LÓPEZ RODRÍGUEZ, D. CÁNDIDO VILABOA FIGUEROA, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, Dª. MARÍA ANXELES BABARRO FERNÁNDEZ, Dª. ROSA MARIA COSTAS ESTÉVEZ, D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ, e D. BENIGNO GARCÍA-LUENGO MONTERO, tamén asistiu o Sra. Interventora Xeral do Concello Dª. AGUEDA BELLO VALDÉS, actuando como Secretaria a Secretaria Xeral da Corporación DONA. ANA BEGOÑA MERINO GIL, constitúese o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

INCIDENCIAS.-

Non asiste, excusando a súa ausencia, a concelleira Dª. LAURA ALONSO GÓMEZ.

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero.-

A Presidencia declara aberta a sesión, en primeira convocatoria, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.-

1.- APROBACIÓN INICIAL PROXECTO ORZAMENTO EXERCICIO 2010.-

ANTECEDENTES.-

Dictame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio de data 31 de maio de 2010, que transcrito dí:

"Vista a proposta do Concelleiro de xestión económica de data 25 de maio de 2010 que transcrita di:

"Visto o informe conxunto de secretaria e intervención en relación a situación dos dous organismos autónomos municipais.

Visto o proxecto de orzamento Xeral para o exercicio 2010, que inclue o orzamento municipal e o da Sociedade Mercantil "Radio Redondela".

Vista a estructura orzamentaria aprobada na orde EHA/3565/2008 de 3 de decembro pola que se aproba a estructura dos orzamentos das entidades locais, que no estado de ingresos recóllense previsións razoables dos ingresos que se prevén liquidar, e no estado de gastos , os créditos necesarios para atender as obrigas esixibles a Corporación , que se forma o orzamento con toda a documentación prevista na lexislación vixente e que en non existe déficit inicial.

Vista a proposta da plantilla comprensiva da totalidade de postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.

De conformidade cos artigos 168.4 e 5 do TRLFL e 90 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.

Proponse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Modificar, con efectos dende a entrada en vigor do orzamento municipal para o exercicio de 2010, e de conformidade co previsto no artigo 123.k) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, a forma de xestión dos servizos públicos Centro Deportivo Municipal e Conservatorio Municipal desde a súa actual forma de xestión directa por organismo autónomo local á xestión directa pola propia Entidade Local, extinguíndose coa mesma data de efectos os correspondentes organismos autónomos sucedéndolle universalmente o Concello de Redondela nos dereitos e obrigacións contraídas, en cuxa virtude:

Segundo.-De conformidade co establecido no artigo 44 do Real Decreto Lexislativo de 24 de marzo de 1995 polo que se aproba o Estatuto dos Traballadores na súa redacción dada pola Lei 12/2001 de 9 de xullo, o Concello de Redondela se subrogará con efectos da data de entrada en vigor do orzamento para o exercicio 2010, nos dereitos e obrigacións laborais e de seguridade social dos organismos autónomos CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL e CONSERVATORIO MUNICIPAL, así como en cantas obrigacións en materia de protección social complementaria adquirise, integrándose o persoal laboral dos extintos organismos con contrato en vigor á data de extinción, no persoal do Concello de Redondela manténdose a categoría profesional determinada no seu contrato así como o seu actual réxime retributivo.

Terceiro.- Aprobar inicialmente o orzamento xeral da Corporación, que ascende cos seguintes resumes:

A) Orzamento do Concello:

Ingresos:

Capítulo	Denominación	Importe
1	Impostos Directos	6.106.588,93
2	Impostos Indirectos	1.350.000
3	Taxas y Outros Ingresos	2.117.012
4	Transferencias Correntes	6.752.392,58
5	Ingresos Patrimoniais	266.338,26
	TOTAL INGRESOS CORRIENTES	16.592.331,77
6	Enaxenación Inversións Reais	0
7	Transferencias de Capital	84.561,30
8	Activos Financeiros	36.000

(Selo da Corporación) (Sinatura do Presidente) Folio N.º.....

Serie A N.º 2237209

9	Pasivos financeiros	3.000.000
	TOTAL INGRESOS DE CAPITAL	3.120.561,30
	TOTAL	**19.712.893,07**

Gastos:

Capítulo	Denominación	Importe
1	Gastos de persoal	6.534.967,49
2	Gastos en bens correntes	6.045.903,35
3	Intereses de debeda	227.685,75
4	Transferencias Correntes	1.221.275,18
6	Inversións	4.560.718,19
7	Transferencias de capital	388.000
8	Activos financeiros	36.000
9	Pasivos financeiros	698.343,11
	TOTAL	**19.712.893,07**

Cuarto.- Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do anuncio polo que se expoña ao publico o expediente e acordo adoptado, facendo constar que por prazo de quince días hábiles os interesados indicados no artigo 22.1 do RD 500/90 do 20 de abril, poderán examinalo e formular as reclamacións as que se refire o apartado 2 do artigo citado.

Quinto.-O orzamento xeral considerarase definitivamente aprobado se durante o período de exposición ao publico non se presentaran reclamacións, entrando en vigor previa inserción no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra dun resumo por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran.

Sexto.-Do orzamento definitivamente aprobado remitirase copia aos órganos competentes do Estado e da Xunta de Galicia.

Votación e dictame:

A comisión informativa de facenda, e patrimonio, co voto favorable dos/as Sres/as Concelleiros/as dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE (4) do BNG (2), e a abstención do Grupo Municipal do PP (3), e do PG (1) dictaminou favorablemente a proposta do Concelleiro de xestión económica."

INTERVENCIÓNS.-

O concelleiro señor García Luengo expresa a sua protesta pola hora á que se convoca este pleno xa que non lle parece axeitada e considera que se debería pensar máis na oposición. Estima que neste intre non é de recibo seguir aumentando a débeda do Concello e que ésta se incremente ata o 70,50% ainda que o concelleiro de Facenda lle diga que o límite está no 110%. Sinala que o máis apropiado sería buscar novas fontes de ingresos e refírese a un informe do anterior interventor de anos atrás no que suxería un maior control das prescricións en relación a expedientes de IBI e do ICIO polo que non están a falar de subas senón de que ninguén marche de rositas. Pregunta qué pasa co PXOM porque considera que é algo imprescindible para a promoción económica de Redondela e mira que non vai nada no presuposto como tampouco no caso da promoción do turismo. Tamén dí que bota de menos unha política de reducción de gastos, como no caso dos teléfonos ou nos gastos de representación do teniente alcalde que van a 3000 euros. Considera que se da discriminación entre as distintas parroquias do Concello esquecendo o rural e, tamén, entre funcionarios municipais e que con este orzamento non se crea emprego. Sinala que tampouco se promocionan os polígonos

industriais e lle parece inadmisible que, de acordo con información aparecida recentemente na prensa, Redondela teña tres veces menos empresas que Porriño e dúas veces menos que Mos, atopándose á altura de Soutomaior e Baiona, por debaixo de Salceda e Gondomar.

O concelleiro señor Pazos Docampo dí que, á vista das verbas do voceiro do Partido Galeguista, chega a conclusión de que os orzamentos son bós. Considera extemporáneo que se aluda a un informe de hai anos do anterior interventor e sinala que os gastos de representación da sua tenencia de Alcaldía foron consecuencia do pacto de goberno, pero dos tres mil euros somentes gastáronse no pasado exercicio 172. Indica que a oposición debe perder o tempo e mirar ben os orzamentos e poden comprobar que no ano pasado non agotaron a suas partidas, que a maioría dos investimentos previstos son para as zonas rurais do municipio e para temas que son vitais. Sinala que o tema dos polígonos industriais non é responsabilidade do Concello e estima que se está a facer un esforzo importante cara ao futuro dado que Redondela non conta con patrimonio. También destaca a actuación prevista no eido dos servizos sociais e considera que os orzamentos son plenamente satisfactorios.

A concelleira señora Canal Gómez dí que despois dunha demora inxustificada de seis meses non lle parece de recibo que se lles convoque para aprobar os orzamentos neste pleno ás nove de mañán. Dí que o presuposto incumpre a lei de estabilidade orzamentaria, porque é deficitario en máis de dous millóns de euros e considera increíble que despois das axudas recibidas cos planes do goberno, o que supón más de 2500 millóns de pesetas, pidan agora tres millóns máis a pesares de que considera que non fixeron nada nin resolveron ningunha das cousas que están pendentes, como o centro de día, o paseo marítimo a guardería de Chapela…etc Por outra banda dí que sempre están completando o saneamento a pesares de que hai tempo que dixeron que estaba xa rematado. Tamén dí que lle parece lamentable cómo tratan de mal á parroquia de Chapela, e o único que están a facer é o spa, que de momento somentes é unha piscina que ainda non está rematada. Califica de lamentables outras cuestións, como as adicacións exclusivas ou o feito de que o BNG teñan a soldo algún colaborador político que ven aos plenos a manifestarse. Tamén sinala que non hai relación de postos de traballo, nin indicios de que se aprobe o PXOM e se pregunta por qué hai que comprar terrenos e onde está o 10% das cesións urbanísticas. Igualmente suliña que non están resoltos os accesos en condicións a Cesantes e a outros puntos do municipio e considera que gastaron moitísimo diñeiro en por bolas no centro, de tal xeito que se ten que pasar un coche ou unha ambulancia non poderían facelo.

O concelleiro señor González Iglesias dí que o terreno do que se fala non é un terrenito senón un predio de máis de 30.000 metros cadrados, sobre o que ainda non está pechada a oferta e non o farán en ningún caso ata que a Xunta confirme que lle vale para acadar determinados equipamentos que lle faltan a Chapela. Sinala que non é obriga do Concello facilitalos ainda que saben que é moito máis fácil que se leven adiante se se ofertan os terreos. Indica que actuan con responsabilidade para facer un investimento de futuro cara os cidadáns. Destaca que para o PXOM vai unha partida de 100.000 euros que seguramente haberá que incrementar e que eles non teñen a culpa de que non saira por mor dos grandes cambios normativos polos que se ve afectado de tal xeito que en Galicia somentes cinco concellos teñen o planeamento adaptado á lei, e agora, coa última reforma, nin eso siquera. En calquer caso considera que da igual que o plan esté adaptado ou non, á vista da situación e do nivel de construcción que hai en tódolos concellos veciños. Dí que Redondela é un dos poucos concellos que está ao día nos pagamentos e que non se atopa nunha situación económica caótica como outros moitos, asegura que é dos mellores de Galicia e da provincia. Lle parece que se o endebedamento aceptable é do 110%, non resulta excesivo estar no 70,50% e ainda que haxa que facer un plan de saneamento non ten problema xa que chega con recuperar o nivel impositivo de hai tres anos. Tamén sinala que o de Redondela é un dos que ten máis coberturas sociais de toda a área metropolitana e que as partidas de servizos sociais son as únicas que se manteñen ou se incrementan no orzamento. Tamén pide que se lle diga qué outro concello adica menos cartos a gastos de representación e dí que en Chapela non hai patrimonio porque o 90% do solo é urbano consolidado e non hai cesións e o Concello non tivo nunca un metro cadrado. En canto ao control do IBI e o ICIO do que falaba o voceiro galeguista, sinala que isto é precisamente o que se está a facer agora. Tamén lle indica que sí hai cartos para turismo ainda que non está de acordo en que o modelo sexa Sanxenxo e que os polígonos industriais son responsabilidade da Xunta. Precísalle á señora Canal que os investimentos non foron de 15 senón de 22 millóns de euros e dí que debe se-la única que non ve que se fan cousas. Sinala que o investimento previsto para saneamento é de 720.000 euros que, presumiblemente, se incrementarán e que con respecto aos accesos de Cesantes, a voceira do PP non pode dicir nada porque o Concello fixo o que lle pediu á Deputación para a estrada de Catapeixe e levan 4 anos sen resolver o problema.

(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º.....

Serie A N.º 2237210

O concelleiro señor García Luengo insiste en que o señor Pazos debería suprimir os gastos de representación e dílle ao señor González Iglesias que se él levara o mesmo tempo no Concello faría virguerías. Tamén dí que para por 100.000 euros para o PXOM mellor sería non por nada e que o feito de que a construcción estea parada non ten que ver coa posibilidade de facelo e a ilusión dos veciños de Redondela. Lle parece que o voceiro socialista ve as cousas de forma distinta cando está aquí e cando traballa como oposición na Deputación.

O concelleiro señor Pazos Docampo dí que se está a falar moi pouco do orzamento e lle parece que á oposición fáltalle o guión, como xa pasara o pasado ano. Sinala que os gastos de representación figuran no orzamento polo seu desexo expreso, cousa que non era así outros anos, e pensa que o voceiro do partido galeguista non mirou o orzamento ainda que sí a prensa. Califica de triste a experiencia do PP durante o trienio negro en que gobernou Redondela e lle parece que a señora Canal vai marchar da corporación sen saber o que é un déficit. Sinala que non dixo que estivera rematado o saneamento senón que tiveron un compromiso electoral para que todas as parroquias dispuxeran dese servizo, cousa que xa ocurre a día de hoxe. Dí que non é certo que o seu colaborador veña ao pleno a manifestarse.

A concelleira señora Canal Gómez sí que o señor Pazos non falou tampouco do orzamento e que ela vaise pero Redondela merece que a goberne o PP porque cando gobernaron fixeron tódas as inversións importantes: colexios. Multiusos, campo de fútbol… considera que o voceiro do BNG debía ter vergoña do que fai somentes con tres concelleiros. Tamén dí que gastaron moito diñeiro pero non foron quen de soluciona-lo problema das barreiras arquitectónicas nas dependencias de servizos sociais. Considera que, en xeral, malgastaron o diñeiro e cousas como o centro de día de Redondela está parado por problemas urbanísticos.

O concelleiro señor González Iglesias dí que nos tres anos en que gobernou o PP acrecentaron a débeda cos proveedores ata máis de 1000 millóns e lle cortaron a luz nas navidades. Indica que a RPT xa está contratada e en marcha e supón que sí están de acordo co resto dos investimentos previstos no orzamento, agás no caso do terreno de Chapela.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, sendo once votos a favor (8 do PSdeG-PSOE e 3 do B.N.G.), e nove votos en contra (7 do PP e 2 do P.G.), aprobou, nos seus propios termos, o dictame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio, nos antecedentes transcrito.-

2.- INICIACIÓN EXPEDIENTE PRÉSTAMO 1/2010.-

ANTECEDENTES.-

Dictame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio, de data 31 de maio de 2010, que transcrito dí:

"Vista a proposta da Alcaldía de data 25 de maio de 2010 que transcrita di:

Tendo en conta que no estado de gastos do proxecto de orzamento deste Concello para o ano 2010 figuran previsto diversos gastos en investimentos financiados totalmente mediante préstamo a longo prazo por importe de 3.000.000,00 euros.

Considerando preciso contar con financiamento (mediante préstamo) necesario para realizar diversos investimentos previstos no orzamento deste Concello para o ano 2010, esta Alcaldía proponlle ao concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Iniciar a tramitación do expediente administrativo correspondente ao préstamo a longo prazo 1/10 por importe de 3.000.000 euros, préstamo destinado ao financiamento municipal dos seguintes investimentos incluídos no anexo de investimentos do orzamento deste Concello para o ano 2010; quedando a súa eficacia supeditada a data de entrada en vigor do orzamento:

Partida	**Destino**	**Importe**
10.155.1A.601.22	Remodelación praza ponteareas	400.000
10.155.1A.611.24	Camiños e vias publicas	250.000
10.161.1A.601.26	Abastecementos e saneamentos	600.000
10.342.1A.601.29	Centro Acuatico deportivo (2ªfase)	750.000
10.912.1A.600.00	Inversións en terreos	1.000.000
TOTAL		**3.000.000**

Segundo.- As características do préstamo 1/10 serán as seguintes:

- contia: 3.000.000 euros
- Destino: financiamento das aportacións municipais aos investimentos indicados apartado anterior.
- Prazo total:12 anos
- Prazo de amortización :10 anos
- Periodo de carencia: 2 primeiros anos
- Amortizacións e xuros: por trimestres naturais vencidos (debendo comunicar o prestamista ao concello de Redondela, con 15 hábiles de antelación, os importes correspondentes dos xuros e da amortización, de cada período)
- Tipos de xuro, tipo variable, referenciado ao Euribor a un ano mais / menos diferencial ofertado, sen redondeo.
- Gastos de estudio: exento
- Comisión de apertura: exento
- Gastos de reembolso anticipado total ou parcial: exento
- Comisión de dispoñibilidade: exento
- Calquera outro tipo de gastos: exento, incluídos fedatarios, gastos por cheques, transferencias, correo, apuntes, mantemento, seguro de tipo de xuros, etc.
- Garantías, avais, afectación de recursos:exento
- Disposición do préstamo: o importe do préstamo poderase desembolsar conxunta ou fraccionadamente a petición do Concello de Redondela durante os dous primeiros anos, mediante ingreso en conta aberta polo concello de Redondela na entidade prestamista, devengandose xuros exclusivamente, nos dous primeiros anos, polas cantidades efectivamente aboadas (a petición do concello) na conta antes citada a partida da data da súa dispoñibilidade efectiva na mesma.
- Modelo de contrato: deberase unir a oferta o modelo completo de contrato de préstamo no que queden recollidas (entre outras) todalas características indicadas no apartado segundo da proposta, coa indicación expresa da aceptación integra e non condicionada de tódalas características do préstamo a longo prazo 1/10.

(Selo da Corporación) (Sinatura do Presidente) Folio N.º .....

Serie A N.º 2237211

- Validez das ofertas: as ofertas deberán ter unha validez mínima ate o día 31.12.10.
- Formalización: dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da recepción da notificación do acordo de adxudicación.

Terceiro.- O expediente administrativo e as ofertas recibidas serán informadas pola Intervención municipal do concello, correspondendo ao Concello Pleno determinar o banco ou caixa de aforros co que será asinado o correspondente contrato de préstamo, sen prexuízo de que o Concello Pleno poida acordar, no seu momento, non realizar (total ou parcialmente) o préstamo a longo prazo 1/10.

Votación e dictame:

A comisión informativa de facenda, e patrimonio, co voto favorable dos/as Sres/as Concelleiros/as dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE (4) do BNG (2), e a abstención do Grupo Municipal do PP (3), e do PG (1) dictaminou favorablemente a proposta da Alcaldía antes transcrita."

INTERVENCIÓNS.-

A concelleira señora Canal Gómez dí que están en contra de endebedarse máis, á vista da delicada situación económica na que estamos. Non están a favor do despilfarro senón da planificación correcta do gasto para o que non contan con eles.

O concelleiro señor González Iglesias dí que con este préstamo se posibilitan os investimentos previstos.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, sendo once votos a favor (8 do PSdeG-PSOE e 3 do B.N.G.), sete votos en contra (7 do PP) e dúas abstencións (2 do P.G.), aprobou, nos seus propios termos, o dictame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio, nos antecedentes transcrito.-

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dase por rematada a mesma, sendo as dez horas e cincuenta e dous minutos da data fixada no encabezamento o, en proba de todo o que, se extende a presente acta, que se inscribiu no Libro dende o folio núm. 053 do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 2237208 ata o folio núm. 056, Serie A núm. 2237211, de todo o que, como Secretaria, DOU FE.-

O ALCALDE

XAIME REI BARREIRO

A SECRETARIA XERAL

ANA BEGOÑA MERINO GIL